



ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión do 14 de febreiro do 2019 adoptou acordo de aprobación inicial do Estudo de Detalle das parcelas 14-17 do Plan parcial do Polígono industrial do Milladoiro, API-04 do PXOM, formulado por Santiago Sur Galicia, S.L., e redactado en outubro do 2018 por Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Filgueira, Arquitectos (COAG 1047 e 2137 respectivamente).

En cumprimento do devandito acordo e do artigo 194.2 do Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia, sométese o expediente a información pública por prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Durante o período de información pública o dereito a información e acceso poderá exercerse mediante a consulta no portal de transparencia do Concello (información de relevancia xurídica) e na oficina municipal de urbanismo, R/ Alcalde Lorenzo N° 2, 2° - Bertamiráns, de luns a venres de 9-14 horas. Así mesmo, durante o sinalado prazo poderán presentarse alegacións, suxestións ou documentos que se consideren oportunos.

A aprobación inicial do estudo de detalle leva a suspensión do outorgamento de licenzas no ámbito afectado polo mesmo, suspensión que se extinguirá coa aprobación definitiva do estudo de detalle.

Ames, 25 de febreiro de 2019

O Alcalde

Asdo: José M. Miñones Conde